



# Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)

2ª EDICIÓN

## Identificación do centro

<b>Centro</b>	Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)
<b>Responsable</b>	Pablo Taboada Antelo, director EDIUS
<b>Enderezo</b>	<b>Casa dos Catedráticos</b> Avenida das Ciencias, 6. 15782 Santiago de Compostela
<b>Correo electrónico</b>	<a href="mailto:edius@usc.es">edius@usc.es</a>
<b>Teléfono</b>	00 +34 881 811000 ext: 14360/ 14361/ 14433

## Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
01	16/07/2020	Edición inicial
02	06/10/2021	Incorporación de novos procesos institucionais

## Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado	Área de Calidade e Mellora de Procedementos	8/07/2021
Aprobado por	Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional	29/07/2021
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	06/10/2021

## Índice

1	A Escola de Doutoramento Internacional da USC .....	4
1.1	Presentación .....	4
1.2	Estrutura da EDIUS .....	4
1.3	Regulamentos e normas .....	6
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.....	6
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade .....	7
3.1	Comisión de Calidade da EDIUS (CCdEDIUS) .....	8
3.2	Responsable de calidade da EDIUS (RCdEDIUS) e coordinadores de calidade.....	9
3.3	Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD) .....	9
3.4	Coordinador do programa de doutoramento.....	10
3.5	Comité Consultivo .....	11
4	Mapa de procesos .....	11
5	Indicadores e informes .....	14
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit .....	15
	Anexo I. Política de calidade.....	16

# 1 A Escola de Doutoramento Internacional da USC

## 1.1 Presentación

A Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) é a unidade responsable da xestión e coordinación das ensinanzas de doutoramento, así como dos procesos que conduzan á obtención do título de doutor. A escola foi creada de acordo cos estatutos da USC, da normativa da Comunidade autónoma de Galicia e do real decreto 99/2011, no que se regulan as ensinanzas oficiais de doutorado. O acordo de creación foi aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019.

A súa misión é promover a máxima calidade dos programas de doutoramento e facilitar a coordinación de todas as actividades relacionadas cos mesmos, así como realizar os labores de xestión administrativa necesarios para desenvolver ambos.

Antecedentes:

A primeira Escola de Doutoramento Internacional da USC foi creada polo Decreto 95/2013, do 1 de xuño. Posteriormente no Consello de Goberno do 26 de xullo de 2016 aprobouse a creación do CIEDUS como centro de xestión e coordinación dos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela e aprobouse a segregación da Escola de Doutoramento Internacional da USC, creada no Decreto 95/2013 do 13 de xuño, en catro novas escolas tendo en conta grandes áreas de coñecemento da universidade.

Esta estrutura fíxose efectiva polo Decreto 91/2017, do 21 de setembro, polo que se crean, na Universidade de Santiago de Compostela, a Escola de Doutoramento Internacional (EDI) en Artes e Humanidades, e Ciencias Sociais e Xurídicas, a Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra, a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias da Saúde, e a Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias e Tecnoloxía.

Da análise realizada sobre esa estrutura organizativa constatouse a existencia dunha serie de deficiencias no funcionamento académico e administrativo das catro escolas e, en consecuencia, en 2019 propúxose a creación dunha única Escola de Doutoramento que é a actual EDIUS e que asume a xestión administrativa e a coordinación dos estudos de doutoramento.

## 1.2 Estrutura da EDIUS

Son membros da EDIUS as doutorandas e doutorandos matriculados na USC, e o persoal docente e investigador que forme parte dos programas de doutoramento, o persoal de administración e servizos adscrito á EDIUS, e os membros dos distintos órganos de goberno en que se organiza e estrutura da EDIUS.

Son competencias da EDIUS:

- Planificar e deseñar a estratexia da USC para o desenvolvemento das súas ensinanzas de doutoramento.
- Planificar, coordinar, avaliar e difundir a oferta de estudos de doutoramento da USC.
- Promover a internacionalización das ensinanzas de doutoramento.

- Promover accións de colaboración en materia de I+D+i e formación con outras entidades externas tanto públicas como privadas (organismos públicos de investigación ou outros organismos, empresas, fundacións, administracións públicas) no ámbito dos programas de doutoramento, de acordo coa normativa vixente.
- Impulsar a excelencia dos seus programas de doutoramento, así como a calidade das teses elaboradas no marco dos mesmos.
- Planificar e coordinar todos os procedementos correspondentes aos estudos de doutoramento e a defensa das teses do ámbito da súa competencia.
- Planificar, coordinar, difundir e supervisar as actividades formativas de doutoramento.
- Asegurar e realizar o seguimento da calidade dos programas e as teses de doutoramento, establecendo os mecanismos de control necesarios.
- Coordinar e supervisar os procesos de modificación, seguimento e acreditación dos programas de doutoramento
- Coordinar os procesos de admisión, cambios de dedicación, prórrogas e baixas dos doutorandos e doutorandas.
- Asesorar e apoiar aos programas de doutoramento e as súas CAPD.
- Organizar e xestionar os seus recursos económicos, materiais e os servizos da súa competencia, así como realizar o seu seguimento e control.
- Proxectar as súas actividades no entorno socio-económico
- Informar e, no seu caso, propoñer a modificación da Relación de Postos de Traballo do persoal de administración e servizos vinculados á Escola.
- Contribuír á resolución das discrepancias xurdidas nos programas de doutoramento, na Escola, e na realización das teses de doutoramento.

Son órganos de goberno da EDIUS os que indica o artigo 120 dos Estatutos da USC: Comité de Dirección, director ou directora e secretario ou secretaria.

Ademais, a EDIUS organizarase en catro seccións correspondentes aos ámbitos de coñecemento de:

- Ciencias e Enxeñarías.
- Artes e Humanidades.
- Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Ciencias da Saúde.

e contará con:

- Comisións delegadas do Comité de Dirección:
  - Comisión Executiva da Escola.
  - Comisión Sectorial de Ciencias e Enxeñaría.
  - Comisión Sectorial de Artes e Humanidades.
  - Comisión Sectorial de Ciencias Sociais e Xurídicas.
  - Comisión Sectorial de Ciencias da Saúde.
- Comisión de Calidade da Escola.
- As comisións académicas dos programas de doutoramento( CAPDs )
- Comité Consultivo

Órganos unipersoais:

- A subdirectora ou subdirector de Ciencias e Enxeñarías e coordinador ou coordinadora de calidade.
- A subdirectora ou subdirector de Artes e Humanidades e coordinador ou coordinadora de calidade.
- A subdirectora ou subdirector de Ciencias Sociais e Xurídicas e coordinador ou coordinadora de calidade.
- A subdirectora ou subdirector de Ciencias da Saúde e coordinador ou coordinadora de calidade.
- As coordinadoras ou os coordinadores dos programas de doutoramento.

Cada programa de doutoramento contará cunha Comisión Académica do Programa de Doutoramento, órgano responsable do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do programa de doutoramento, e contará cun coordinador que a represente.

No Regulamento de réxime interno da EDIUS establécense as competencias e funcións de todos os órganos anteriores, así como a súa composición e forma de elección.

Aos efectos do Sistema de Garantía de Calidade, enténdese que o Equipo Directivo está composto polo director ou directora e polo secretario ou secretaria da Escola. .

### **1.3 Regulamentos e normas**

Listado dos regulamentos e normas de carácter interno da Escola aos que hai que atender para o desenvolvemento do SGC.

- I. Acordo do Consello de Goberno do 28 de maio do 2019 de creación da Escola de Doutoramento internacional da USC (EDIUS) e de supresión das catro escolas creadas polo decreto 91/2017.
- II. Regulamento de réxime interno da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)
- III. Código de boas prácticas
- IV. Regulamento de estudos de doutoramento da USC

## **2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade**

O Sistema de Garantía de Calidade da EDIUS alcanza a todos os programas de doutoramento impartidos e a todos os membros dela.

En conxunto, o SGC da EDIUS contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia EDIUS e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

## Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da “Guía para el diseño de SGC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA”

### 3 Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

A EDIUS e en particular o seu director ou directora como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica da EDIUS, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade da EDIUS (MCdEDIUS).
- Propoñer os membros que elaborarán o Plan Estratéxico da EDIUS.
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade da EDIUS, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC da EDIUS.
- Nomear ao responsable de calidade da EDIUS, sempre que o director ou directora non asuma as competencias.
- Propoñer ao Comité de Dirección para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade da EDIUS.

- Garantir o bo funcionamento do SGC da escola.
- Informar a todas as persoas da EDIUS do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas da EDIUS teñan acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar ao Comité de Dirección dos traballos e acordos da Comisión de Calidade da EDIUS.
- Presentar ao Comité de Dirección, para a súa aprobación, a memoria de calidade da Escola (MCdEDIUS).

### 3.1 Comisión de Calidade da EDIUS (CCdEDIUS)

A Comisión de Calidade da EDIUS (CCdEDIUS) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC da escola actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CCdEDIUS,:

- a) O director ou directora da escola, que a convocará e presidirá.
- b) O secretario ou secretaria da escola que tamén o será da Comisión de Calidade.
- c) Os catro subdirectores ou subdirectorías de Escola (coordinadores de calidade).
- d) Oito coordinadores dos programas de doutoramento, dous por cada Sección da EDIUS, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.
- e) Catro doutorandos ou doutorandas matriculados nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS. un pertencente a cada sección da EDIUS.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos.

Os representantes dos apartados d), e) e f) serán elixidos polo Comité de Dirección.

Ademais, o director ou directora da EDIUS cando o considere oportuno pode propoñer outros membros do Comité de Dirección para o bo funcionamento do SGC, con voz e sen voto. Igualmente, poderá propoñer a incorporación as sesións da Comisión de Calidade, con voz, a representantes de grupos de interese e, nomeadamente, a egresados da Escola.

A CCdEDIUS reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCdEDIUS son as seguintes:

- Realizar a implantación, o seguimento e mellora do SGC da EDIUS.
- Elaborar a Política de Calidade da EDIUS, que deberá ser ratificada polo director.
- Elaborar a memoria de calidade da EDIUS (MCdEDIUS)
- Elaborar o manual de boas prácticas da EDIUS
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual da EDIUS.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade dos programas de doutoramento.
- Realizar o seguimento dos resultados da EDIUS
- Informar a modificación dos procedementos existentes da EDIUS ou a creación doutros novos.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Revisar as novas propostas de Programas, e as modificacións e extensións da oferta actual



- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento e acreditación elaborados polas comisións académicas dos programas de doutoramento.

### 3.2 Responsable de calidade da EDIUS (RCdEDIUS) e coordinadores ou coordinadoras de calidade

O director ou directora da EDIUS asume a figura de responsable de calidade ou ben poderá nomear a un responsable de calidade da EDIUS (RCdEDIUS) entre os membros da Comisión de Calidade da EDIUS. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do RCdEDIUS poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCdEDIUS.
- Trasladar á CCdEDIUS e á/s comisión/s académicas dos programas de doutoramento a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCdEDIUS para mellorar o SGC da EDIUS.
- Ser o interlocutor coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC na EDIUS aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade da EDIUS.

Tendo en conta o gran número de programas de doutoramento e as súas particularidades, así como as diferentes áreas a que pertencen, no ámbito do SCG da EDIUS contarase con catro **coordinadores de calidade**, figura que será exercida polos subdirectores ou subdirectoras da Escola.

A súas funcións serán as de apoio ao responsable de calidade EDIUS e á Comisión de Calidade da EDIUS.

### 3.3 Comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD)

Cada programa de doutoramento contará cunha Comisión Académica do Programa de Doutoramento, órgano responsable do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do programa de doutoramento.

As competencias e a composición das CAPDs dos programas serán as establecidas no RRI da EDIUS, debendo, en todo caso, representar os distintos ámbitos de investigación de cada programa.

S. No caso de programas de doutoramento interuniversitarios a composición da CAPD será a que figure no correspondente convenio de colaboración. En calquera caso, a composición da CAPD deberá contar, cando menos, cun membro da USC.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Diseñar, organizar, coordinar e propor á Escola de doutoramento o conxunto de actividades que conforman o programa, incluíndo liñas de investigación, actividades formativas, relación de persoal investigador que asumirá a titoría e a dirección de teses de doutoramento, criterios de admisión e selección dos estudantes e toda canta información sexa requirida pola Universidade en cumprimento da normativa vixente

- Realizar o proceso de valoración de méritos e admisión dos estudantes no programa de doutoramento, mediante a aplicación dos criterios e dos procedementos de selección establecidos na memoria de verificación, que serán públicos.
- Asignarlle un titor ou titora ao estudante admitido no programa de doutoramento e un director ou directora.
- Velar pola entrega e cumprimento do compromiso documental de supervisión.
- Establecer, se procede, os complementos específicos de formación, os requisitos de formación transversal e de formación específica no ámbito do programa que o estudante debe cursar.
- A avaliación do plan de investigación dos doutorandos do seu programa.
- Realizar anualmente a avaliación do documento de actividades e do desenvolvemento do plan de investigación de cada doutorando, tendo en conta os informes que a tal efecto deba emitir o director ou directora e o titor ou titora.
- “Facer as propostas de modificación e/ou suspensión ou extinción do programa de doutoramento segundo a normativa vixente ”Aprobar os requisitos de calidade das teses de doutoramento do programa de doutoramento para o seu traslado á memoria de verificación.
- Elaborar, no seu caso, a memoria para a verificación e/ou modificación do programa de doutoramento segundo a normativa vixente.
- Elaborar e aprobar anualmente o informe de xestión e o informe de seguimento ou acreditación do programa conforme ao SGC da Escola.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCdEDIUS e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras da EDIUS
- Calquera outra función que lle encomende o órgano responsable dos estudos de doutoramento na Universidade ou se lle asigne en cumprimento das disposicións legais vixentes.

### **3.4 Coordinador ou coordinadora do programa de doutoramento.**

Os coordinadores ou coordinadoras dos programas de doutoramento serán os responsables do programa, e serán nomeados polo reitor ou reitora da USC. O coordinador debe ter co-dirixido polo menos dúas teses de doutoramento, estar en posesión de polo menos dous períodos de actividade investigadora recoñecidos, ter vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo. Só se poderá ser coordinador ou coordinadora nun único programa de doutoramento.

No caso de programas interuniversitarios a designación do coordinador será por acordo entre os reitores ou reitoras das universidades participantes cando se trate de programas conxuntos, e no modo indicado no convenio con outras institucións cando se desenvolva en colaboración con elas

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento vixente do programa de doutoramento, no caso de telo; senón deberán acollerse ao regulamento de réxime interno da EDIUS, así como desenvolver as seguintes funcións en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade da Escola o informe de seguimento/acreditación de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informando das actuacións da CAPD: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCdEDIUS, todos os datos necesarios para que a CAPD poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.

- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daquelas que correspondan a outras instancias.

### 3.5 Comité Consultivo

O SGC contará co apoio do Comité Consultivo da EDIUS, o cal estará formado polos vicerreitores ou vicerreitoras da USC con competencias nos estudos de doutoramento, investigación e internacionalización ou relacións exteriores e por un grupo de oito docentes, investigadores ou investigadoras e representantes de empresas e administracións públicas externas á USC de recoñecido prestixio, e que representen aos distintivos ámbitos de coñecemento da Escola.

A existencia do Comité Consultivo permitirá ter a EDIUS unha visión crítica e externa das accións da Escola, así como contar con propostas de mellora e novas accións a establecer na súa planificación estratéxica. Será o encargado de asesorar e brindar apoio ao Comité de Dirección e as súas comisións delegadas. De xeito detallado, as funcións do Comité Consultivo son:

- Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora da Escola.
- Canalizar á sociedade información sobre a EDIUS e facer que teña máis proxección no seu entorno.
- Prestar asesoramento na elaboración e implantación do plan estratéxico da Escola.

O Comité consultivo reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e deixará constancia das súas reunións mediante actas. Co obxecto de facilitar a recollida de información, para as consultas necesarias poderanse articular mecanismos alternativos que permitan participar aos seus membros (solicitud de informes, enquisas, etc).

## 4 Mapa de procesos

O SGC concrétese en 12 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de Escola concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

### **Nivel institucional**

PI-01 Planificación Institucional da Mellora da Calidade

PI-02 Obtención e mantemento da acreditación institucional de centros

PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica

PI-04 Xestión dos recursos humanos

PI-05 Xestión dos recursos materiais e servizos

PI-06 Organización e procedementos administrativos

PI-05 Xestión documental

PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros

PI-08 Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese

PI-09 Xestión de incidencias (SQR)

PI-10 Auditoría Interna

PI-11 Revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade

PI-12 Xestión documental

### **Nivel de centro**

#### ***-Procesos estratégicos***

##### **--Planificación**

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

#### ***-Procesos clave***

##### **--Organización e desenvolvemento dos programas**

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

#### ***-Procesos de soporte***

##### **--Xestión dos recursos**

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

##### **--Xestión de apoio ao sistema**

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

### **Información pública e transparencia**

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

# MAPA DE PROCESOS



## **5 Indicadores e informes**

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional PI-06 Medición e mellora.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web.

A escola pode engadir indicadores propios neste apartado. Neste caso deberá consignar a relación deles e responsabilizarse da obtención dos datos e do seu tratamento.

## 6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	Información pública
Procesos institucionais	PI-01 Planificación Institucional da mellora da calidade	X					X
	PI-02 Acreditación institucional dos centros	X	X				X
	PI-03 Oferta académica		X	X	X	X	X
	PI-04 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-05 Xestión dos recursos materiais					X	X
	PI-06 Organización administrativa			X	X	X	
	PI-07 Medición e mellora de programas e centros	X	X	X	X	X	X
	PI-08 Análise de expectativas e satisfacción	X	X	X	X	X	X
	PI-09 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-10 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-11 Revisión pola dirección do SGC	X		X			
	PI-12 Xestión documental						X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X	

## **Política de calidade da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)**

A política de calidade recolle a misión, a visión e os valores do centro, así como os obxectivos estratéxicos establecidos no seu plan estratéxico.

A política de calidade debe ser redactada pola Comisión de Calidade da EDIUS e asumida pola Dirección, para o cal será asinada e daráselle a difusión establecida no proceso de información pública. Figurará como Anexo ao Manual de Calidade e de forma visible nas canles de comunicación establecidas no proceso de información pública.

Sempre que se aprobe un novo plan estratéxico deberá revisarse a política para incluír a misión, visión e valores establecidos no novo PE. Cando hai cambios no equipo de dirección dos centros, o novo equipo debe subscribir a nova política e darlle difusión a través da páxina web.

Para os centros que están en proceso de elaboración do seu plan estratéxico, recóllese unha declaración xenérica que deberá ser adaptada á misión, visión e valores de cada centro antes de proceder á súa sinatura e difusión, de acordo co proceso de información pública.

### **Modelo de compromiso de calidade**

A EDIUS da USC é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a EDIUS elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A EDIUS quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A EDIUS dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estrito cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.



Por todo iso, a EDIUS adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

- **Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- **Integración, participación e igualdade:** esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da EDIUS a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- **Orientación ao alumnado:** esta Escola garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.
- **Excelencia:** o traballo desta EDIUS realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.
- **Transparencia:** a EDIUS basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta EDIUS adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Decano/a o Director/a subscribe este documento de política de calidade o día 10 de xaneiro de 2019

Firmado por Pablo Taboada Antelo  
33299191-K  
con un certificado emitido por  
FMNT

Asinado: Pablo Taboada Antelo

Director da EDIUS